



INFORME DE ABANDONO DOS ESTUDOS DO GRAO EN BIOTECNOLOXÍA DA USC

Curso Académico: 2020-2021

**Aprobado pola Comisión de Título do Grao en Biotecnoloxía o 17/03/2022
Aprobado pola Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía o 24/03/2022**

Introducción	p. 3
Resultados	p. 3
<i>Abandono potencial</i>	p. 3
<i>Abandono real</i>	p. 3
<i>Destino do alumnado que abandona</i>	p. 4

Introdución

O sistema de indicadores da USC contempla dúas taxas de abandono. A primeira é a “taxa de abandono durante o primeiro curso” (IN40G), que é a porcentaxe entre os/as estudantes dunha cohorte de novo ingreso que non se matricularon no título nos cursos X+1 e X+2 e o número total de estudantes da cohorte que accederon ao título no curso X. A segunda é a “taxa de abandono do RD 1393/2007” (IN41G), que é a porcentaxe entre os/as estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior. Presentar unhas baixas taxas de abandono é crucial para obter unha alta taxa de graduación. A preocupación polo abandono do alumnado levounos a incorporar no SGC o protocolo “Método de intervención sobre o alumnado en risco potencial de abandono dos estudos do grao”.

Como a implantación da titulación realizouse no curso 2018/19, no curso 2020/21 xa se pode calcular a Taxa de abandono no primeiro curso; pero séguese facendo un seguimento individualizado do alumnado que abandona para tentar coñecer cales son as súas causas.

Resultados

Abandono Potencial

En aplicación do protocolo “Método de intervención sobre o alumnado en risco potencial de abandono dos estudos do grao” a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP), una vez finalizado o primeiro semestre, envía ao centro a información do alumnado que podería estar en risco potencial de abandono por non ter contidos superados nin recoñecidos nese primeiro semestre de docencia. No curso 2020/21 non figuraba ningún alumno/a do grao en Biotecnoloxía con risco de abandono potencial.

Abandono Real

Dez dos/as cincuenta alumnos/as (20%) que comezaron os estudos en setembro de 2018 non están matriculados de ningunha materia do grao no curso 2020/21; entre eles inclúense dous dos alumnos/as en risco potencial de abandono do curso 2018/19.

Seis dos cincuenta e sete alumnos/as que comezaron os estudos no curso 2019/20 (10,5%) non están matriculados no grao no curso 2020/21 e sete (12,3%) non están matriculados no curso 2021/22.

Destinos do alumnado que abandona

Aínda que se intenta facer un seguimento individualizado do destino do alumnado, nalgúns casos non é posible. Cando se realiza un cambio de expediente a outro centro da USC, a aplicación permite identificar cal foi; nestes casos o traslado de expediente compútase como cambio de estudos na USC a outros graos. Tamén nos permite coñecer se houbo un traslado de expediente a outra universidade, pero non se ten información sobre a universidade ou o grao de destino. Por último, unha serie de alumnos/as desaparecen sen que se poida solicitar maior información, e estes consígnanse como abandonos.

A Táboa 1 recolle o número e destino dos alumnos da cohorte do 2018/19 que non se matricularon do Grao no cursos 2019/20 e 2020/21 e os da cohorte de 2019/20 que non están matriculados no curso 2020/21 e 2021/22, así como o seu destino. As Figuras 2 e 3 inclúen as porcentaxes dos principais destinos do alumnado da cohorte de 2018/19 non matriculado no curso 2020/21 e da cohorte de 2019/20 non matriculado no curso 2020/21, respectivamente.

Táboa 1. Número de estudantes da cohorte do curso 2018/19, 2019/20 e 2020/21 no Grao en Biotecnoloxía da USC que no están matriculados dos estudos no curso 2020/21 en función do seu destino de saída. O curso corresponde ao curso de acceso aos estudos do grao.

	2018/19	2019/20	2020/21
Cambio de estudos na USC a graos de Ciencias da Saúde			
- Medicina	3	0	
- Psicoloxía	1	0	
- Enfermaría	4	0	
Subtotal	8	0	
Cambio a estudos na USC a outros graos			
- ADE	1	0	
- Historia	0	1	
Outros	0		
Subtotal	1		
Traslado do expediente	1	2	
Abandono	0	3	1
TOTAL	10	6	1

Tal e como indica a Figura 2, do alumnado que comezou os seus estudos no curso 2018/19, ao redor do 80% do que abandona o grao en Biotecnoloxía matricúlase no curso 2019/20 en diferentes graos englobados nas titulacións de Ciencias da Saúde (o 40% en Enfermaría, o 30% en Medicina e o 10% en Psicoloxía). No caso do alumnado que marcha a Medicina, o abandono pode deberse a que escolleron ese grao como

primeira opción e en canto son admitidos abandonan o Grao en Biotecnoloxía, xa que Medicina ten unha nota de corte de lixeiramente superior (no curso 2018/19 12,34 en Medicina e 12,024 en Biotecnoloxía).




Figura 2. Porcentaxes dos destinos do alumnado da cohorte do curso 2018/19 no Grao en Biotecnoloxía da USC que non están matriculados dos estudos no curso 2020/21.

Non obstante na Táboa 1 e Figura 3 observamos como o abandono do alumnado que comezou os seus estudos no curso 2019/20 é menor (10,5%) e ningún dos alumnos/as dos que temos información se matriculan nun dos graos englobados nas titulacións de Ciencias da Saúde.




Figura 3. Porcentaxes dos destinos do alumnado da cohorte do curso 2019/20 no Grao en Biotecnoloxía da USC que non están matriculados dos estudos no curso 2021/22.